

## **BASES DO CONCURSO DE DEBUXO E PINTURA ‘UN MUNDO DE COR’**

A través deste concurso a Secretaría Xeral da Emigración, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pretende que o alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) exprese a súa visión sobre a riqueza da diversidade socio-cultural a través da pintura.

A súa celebración é unha oportunidade para que o profesorado achegue ao alumnado o valor da diversidade socio-cultural como forma de enriquecernos e abrírnos a novas realidades, de xeito que exprese o que lle suxire esta a través dunha manifestación artística como é a pintura.

As normas deste concurso rexeranse polas seguintes,

### **BASES**

**Primeira.- Participantes.** Poderá participar neste concurso o alumnado de Educación Primaria e de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO) dos centros escolares públicos, concertados e privados da Comunidade Autónoma de Galicia. Establécense tres categorías:

- 1ª Categoría: alumnado de 1º, 2º e 3º de Primaria
- 2ª Categoría: alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria
- 3ª categoría: alumnado de ESO

**Segunda.- Tema, técnica e características dos traballos.** Os debuxos reflectirán temas relacionados coa convivencia intercultural, así como coas costumes, usos, vestimenta, folklore, etc. das persoas procedentes doutros países que viven en Galicia.

Os debuxos serán orixinais e poderán realizarse con calquera material, técnica (óleo, pastel, acrílicos, acuarela, témpera, cera, pintura, rotulador, collage, etc.) e soporte, e poderán presentarse en calquera tamaño.

**Terceira.- Prazo, documentación e forma de presentación.** Os debuxos dirixíranse á Secretaría Xeral da Emigración, sita na Rúa Basquiños 2, de Santiago de Compostela (CP: 15704), por calquera das formas previstas no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a través da Dirección dos centros educativos, acompañados dunha relación dos traballos enviados.

O prazo de entrega será desde o día da publicación destas bases, na web da Secretaría Xeral de Emigración e na web e boletín da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ata o 23 de maio de 2011, data límite da presentación dos debuxos de acordo co sinalado no parágrafo anterior. Calquera traballo que non se reciba no prazo indicado entenderase fóra de prazo e polo tanto excluído da súa participación no concurso.

Nos debuxos presentados non aparecerá nin o nome nin a sinatura do autor/a e na parte de atrás figurará unicamente o número e título do debuxo e o nome do colexio, curso e aula do autor/a. A Dirección do centro os achegará á secretaría xeral a través dun escrito no que indicará o número total de traballos achegados, que irá acompañado dun sobre pechado co Anexo I debidamente cuberto e asinado.

**Cuarta.- Xurado, fallo do concurso e entrega de premios.** O xurado estará composto polo subdirector xeral do Retorno e da Inmigración ou polo funcionario/a no/a que delegue, que a presidirá; polo subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou polo funcionario/a no/a que delegue; un profesor/a de Educación Artística de Educación Primaria e un profesor/a de Educación Plástica e Visual da ESO, propostos ámbolos dous polo antedito subdirector xeral; e un funcionario/a da Secretaría Xeral da Emigración, que actuará como secretario/a.

O xurado avaliará o debuxo de acordo cos criterios de adecuación ao tema do concurso, calidade técnica, composición, creatividade e orixinalidade.

O fallo do concurso se fará público no mes de xuño, será inapelable e comunicarse por medios telemáticos a través da web da Secretaría Xeral da Emigración [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com) e do boletín informativo editado dixitalmente na web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.es/web/boletininformativo](http://www.edu.xunta.es/web/boletininformativo). Tamén se comunicará por escrito aos centros escolares que contaron con gañadores/as.

Os premios entregaranse nun acto público que se celebrará no primeiro trimestre do curso escolar 2011-2012, coa asistencia do xurado e os/as gañadores/as, xunto cos pais ou titores/as e representantes dos centros escolares dos/as gañadores/as. A secretaría xeral poderá organizar unha exposición cunha selección dos debuxos presentados.

**Quinta.- Premios.** Concederanse os seguintes premios:

- 1ª categoría: unha caixa de pinturas con cabaleta e un lote de libros infantís (1º premio), unha caixa de pinturas e un lote de libros infantís (2º premio), e un estoxo de pinturas e un lote de libros infantís (3º premio)
- 2ª Categoría: unha cámara fotográfica e un lote de libros infantís (1º premio), unha Nintendo DS co xogo Art Academy e un lote de libros infantís (2º premio), e un MP-4 e un lote de libros infantís (3º premio)

- 3ª Categoría: un iPad e un lote de libros xuvenís (1º premio), unha cámara fotográfica e un lote de libros xuvenís (2º premio), e un MP-4 e un lote de libros xuvenís (3º premio)

Os centros escolares con alumnos/as premiados/as recibirán un diploma de recoñecemento.

**Sexta.- Difusión.** A Secretaría Xeral da Emigración poderá proceder á reprodución, impresión e difusión dos traballos premiados, a través de publicacións, exposicións, campañas de sensibilización e calquera outro medio que estime oportuno. Os traballos non premiados poderán reclamarse á Secretaría Xeral da Emigración durante o prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á concesión dos premios, quedando na súa propiedade os non reclamados.

**Sétima.- Resolución e aceptación das bases.** O xurado resolverá calquera incidencia que se poida producir. Ésta será irrevogable. O feito de participar neste concurso implica a aceptación destas bases.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2011

*Máis información: Secretaría Xeral da Emigración. Enderezo electrónico [inmigracion.retorno@xunta.es](mailto:inmigracion.retorno@xunta.es), web de información [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com)*

\*Avertido un erro na base Quinta, realizouse a correspondente corrección de erros.

## ANEXO I

**CONCURSO DE DEBUXO E PINTURA  
'UN MUNDO DE COR'**

Datos colexio ou centro				
Nome				
Dirección				
Teléfono				
Enderezo electrónico				
Persoa de contacto				
Traballos presentados				
Nº	Curso	Aula	Título	Autor/a

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2011.

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_

- O Anexo I será cuberto e asinado pola Dirección do centro, ordenando os traballos por número (nº), e introducido nun sobre pechado.